

11.- ORDENANZA FISCAL N° 11: REGULADORA DA TAXA POLO USO DE RECINTOS E INFRAESTRUTURAS DE CARÁCTER DEPORTIVO.

PUBLICACIÓN:

Inicial, BOP 30/12/89

Adaptación L25/98, BOP 31/12/98

Nova publicación, BOP 27/12/07

Modificación BOP 29/12/2012

Modificación 26/12/2013

Modificación 29/03/2019.

Última modificación: BOP n° 16, de 21 de xaneiro de 2020.

Título Primeiro: Disposicións Xerais.

Art. 1: Fundamento e Natureza Xurídica.

En uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos en instalacións deportivas, piscinas e casas de baños de titularidade municipal que se rexerán pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto nos artigos 20 e seguintes do devandito Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Título Segundo: Feito Impoñible.

Art. 2: Feito Impoñible.

O feito impoñible do tributo está constituído:

- 1.- Pola prestación dos diferentes servizos das instalacións deportivas e piscinas de titularidade municipal que non se presten ou realicen polos particulares ou empresas privadas.
- 2.- Pola mera ocupación das instalacións para finalidades extradeportivas que non implique servizo algún por parte do Concello fora da mera utilización do espazo e que conleven utilidade económica para o solicitante.

Art. 3: Supostos de non Suxeición.

1.- *Quedan fóra do feito impoñible gravado pola taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, o uso, utilización e disfrute das instalacións deportivas municipais para actividades propias de adestramento e preparación física dos membros de clubs ou asociacións deportivas que figuren no Libro Rexistro de Asociacións do Concello de Xinzo de Limia e que estén inscritas en competicións deportivas oficiais, que poderán utilizar as instalacións segundo as necesidades do servizo e cos límites que se establezan.*

2.- *Igualmente, quedan fóra do feito impoñible gravado pola taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, o uso, utilización e disfrute das instalacións deportivas municipais para o caso de actividades organizadas por institucións escolares e asociacións e fundacións de persoas con diversidade funcional que vaian a utilizar as instalacións para actividades de carácter pedagóxico, de educación ou rehabilitación de persoas con diversidade funcional, sempre que sexan sen ánimo de lucro e estean inscritas no Libro Rexistro de asociacións.*

3.- *Igualmente, queda fora do feito impoñible gravado pola taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, a mera ocupación do polideportivo para finalidades extradeportivas*

que non implique servizo algún por parte do Concello e que non conleven utilidade económica algunha.

Título Terceiro: Suxeito Pasivo.

Art. 4: Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos das taxas, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica propia, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación dos diferentes servizos ou actividades das instalacións deportivas, piscinas de titularidade municipal, ou ben as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica propia, que obteñan lucro pola ocupación do dominio público para actividades extradeportivas que non impliquen o disfrute de servizo algún dos prestados polo concello fora da mera utilización do espazo.

Título Cuarto: Cobramento.

Art. 5: Obriga de Contribuír.

1. A taxa cóbrase cando se solicite ou se inicie a prestación do servizo, a realización da actividade ou ben cando se solicite a ocupación das instalacións para fins extradeportivos.
2. Enténdese iniciada a prestación do servizo, en todo caso, unha vez efectuada a entrada nas instalacións municipais.
3. No caso de ocupación do dominio público para actividades extradeportivas que conleven beneficio económico e que non impliquen o disfrute de servizo algún dos prestados polo concello fora da mera utilización do espazo, o devengo prodúcese cando se inicie a ocupación, sen embargo, o concello esixirá o depósito previo do importe total antes do outorgamento da licenza, a salvo da liquidación definitiva que se poida practicar a posteriori. Asemade, poderase esixir o depósito previo do importe total da taxa no momento de solicitar a prestación do servizo ou a realización da actividade, todo elo a salvo da liquidación definitiva que se poida practicar a posteriori.

Título Quinto: Bases, Tarifas e Xestión.

Capítulo Primeiro: Base Impoñible e Liquidable.

Art. 6: Base impoñible e Liquidable.

A base da taxa que regula esta Ordenanza fiscal defínese da seguinte maneira, segundo o caso:

-Mediante cantidade fixa pola entrada á instalación deportiva municipal de que se trate.

-Mediante cantidade fixa por hora ou fraccións ou período de tempo que se estableza por estancia na instalación deportiva municipal de que se trate.

Capítulo Segundo: Tarifas das Piscinas Descubertas Municipais.

Art. 7: Cotas e Tarifas.

. A contía das taxas pola utilización dos servizos das piscinas descubertas municipais ou piscinas de verán, establecerase en función das tarifas seguintes:

IMPORTE:

Abonados: Ata 16 anos 10,33 €.

Maiores de 16 anos 20,76 €.

Abono familiar 41,52 €.

Menores de 4 anos Exentos.

Maiores de 65 anos Exentos.

Entrada libre:

Ata 16 anos 1,10 €.

Maiores de 16 anos 1,60 €.

Menores de 4 anos Exento.

Maiores de 65 anos Exentos.

2. Os abonos serán por toda a tempada de verán

3. Os abonos de tempada darán dereito ó disfrute das instalacións dende a data de apertura ata a data de peche da instalación.

Capítulo Terceiro: Tarifas das Piscinas Cubertas Municipais Cotas e tarifas.

Art. 8.- A contía das taxas pola utilización dos servizos das piscinas cubertas municipais, establecerase en función das tarifas seguintes:

A) Socios da instalación:

1. Abonado individual: 22,97 €/mes.

2. Abonado familiar: 28,69 €/mes.

3. Abonado xubilado/pensionista: 19,46 €/mes.

4. Abonado individual infantil: 16,05 €/mes.

5. Abonado matrimonio xubilado: 22,97 €/mes.

B) Cursos:

B.1- Socios da instalación:

Tipo;duración;cota adulto;cota nenos;cota xubilados.

1; Un día á semana;5,82 €/mes.; 4,71 €/mes.; 4,71 €/mes.

2; Dous días á semana;11,53 €/mes.; 9,23 €/mes.; 9,23 €/mes.

3; Tres días á semana;17,25 €/mes.; 11,53 €/mes.; 12,64 €/mes.

B.2- Non aboados:

Tipo;duración;cota adulto;cota nenos;cota xubilados

1; Un día á semana; 14,94 €/mes.; 9,23 €/mes.; 10,93 €/mes.

2; Dous días á semana; 22,97 €/mes.; 16,05 €/mes.; 19,46 €/mes.

3; Tres días á semana; 29,79 €/mes.; 20,66 €/mes.; 25,18 €/mes.

B.3- Cursos de natación para bebés:

Tipo;modalidade; cota

1;socios; 13,84 €/mes.

2;libres; 22,97 €/mes.

B.4- Asociacións:

Duración;cota adulto;cota nenos;cota xubilados

Un día á semana; 11,23 €/mes.; 6,92 €/mes.; 8,22 €/mes.

B.5- Calquera outro curso non mencionado anteriormente cobrarase pola seguinte tarifa:
15,50 €/mes.

C) Bonos da instalación(20 entradas):

cota adultos: 45,74 €.

cota nenos: 28,69 €.

cota xubilados: 28,79 €.

D) Entradas(non aboados):

cota adulto: 3,11 €/día.

cota nenos: 1,60 €/día.

cota xubilados: 2,11 €/día.

Pagos anticipados individuais:

Tipo;modalidade;cota adulto;cota nenos;cota xubilados.

1; individual semestral; 114,64 €; 80,14 €; 98,39 €.

2; individual anual; 206,32 €; 148,95 €; 176,23 €.

Pagos anticipados familiares:

Tipo; modalidade;cota.

1; familiar semestral; 160,48 €.

2; familiar anual; 274,92 €.

Pago anticipado matrimonio xubilado:

Tipo;modalidade;cota.

1; matrimonio xubilado semestral; 114,64 €.

2; matrimonio xubilado anual; 206,32 €.

Normas de Xestión de matrícula

Art. 9.- MATRÍCULA: 17,25 €. A matrícula e a mesma para calquera tipo de Socio e Abonado (os cursillistas e os bonos non pagan matrícula). Esta matrícula só se paga a primeira vez, sempre que non se dean de baixa ningún mes na instalación. Nese caso cando volva a darse de alta tería que pagar unha matrícula de excedencia de 10,73 €.

Para ser SOCIO da instalación é obrigatorio a domiciliación bancaria dos recibos.

Os Socios Familiares inclúen á parella (matrimonio ou parella rexistrada) cos fillos ata os 21 anos inclusive. Os fillos ata os 18 anos non pagan suplemento, pero os comprendidos entre os 18 e 21 anos teñen que pagar un suplemento de 5,02 €. Os fillos con 22 anos pasan a ser Socios Individuais

Artigo 10: normas de xestión.

1.O pagamento dos abonos e de tempada realizaranse na instalación antes do primeiro día do período no que deban xurdir efectos.

O pagamento da entrada libre terá lugar no mesmo momento de recoller a entrada na instalación.

Capítulo Cuarto: Tarifas do Pavillón Municipal de Deportes de Xinzo de Limia.

Cotas e Tarifas do Pavillón Municipal de Deportes.

Art. 11.-

1. A contía das taxas por utilización dos servizos do pavillón municipal de deportes establecerase en función das tarifas seguintes:

A) Utilización de instalacións para fins deportivos (pista por hora ou fracción): 12,44€.

B) Utilización de instalacións para fins extradeportivos que conleven beneficio económico e que non impliquen o desfrute de servizo algún dos prestados polo concello fora da mera utilización do espazo público:

B1. Tarifa por hora /fracción14 €.

B2. Tarifa por día :.....84 €.

Artigo 12: normas de xestión.

A) Utilización puntual das instalacións para fins deportivos

Poderase autorizar con carácter discrecional, atendendo á dispoñibilidade das instalacións e previa solicitude do interesado, o uso das instalacións deportivas municipais de xeito puntual, a calquera persoa física o xurídica para a realización de actividades deportivas, nunha data e hora determinada, previo abono da taxa ou depósito previo nos termos establecidos no artigo 5 da presente ordenanza relativo á obriga de contribuír.

B) Utilización das instalacións de maneira estable ó longo do ano por Clubs ou Asociacións Deportivas que figuren no Libro Rexistro de Asociacións do Concello de Xinzo de Limia e que estén inscritas en competicións deportivas oficiais, así como por

institucións escolares e asociacións e fundacións de persoas con diversidade funcional que vaian a utilizar as instalacións para actividades de carácter pedagóxico, de educación ou rehabilitación de persoas con diversidade funcional, sempre que sexan sen ánimo de lucro e estean inscritas no Libro Rexistro de asociacións.

1. Os clubs e asociacións deportivas inscritas como tal no rexistro municipal de asociacións, poderán solicitar autorización de uso das instalacións para a totalidade do período que comprenda o desenvolvemento da súa actividade. As solicitudes deberán presentarse no rexistro municipal por escrito durante o período que abarca dende o 1 de xuño ó 30 de setembro de cada tempada, acompañando a esta a seguinte documentación:

- Copia dos Estatutos nos que deberá constar o seu carácter como entidade sen ánimo de lucro, así como un certificado expedido polo Secretario da Asociación no que se faga constar as persoas físicas que ostentan os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Tesoureiro e membros da Xunta Directiva, acompañando copia do seu DNI.

- En caso de asociacións deportivas, Acreditación de que a entidade consta inscrita en competicións deportivas oficiais e calendario oficial da competición debidamente expedido e selado pola entidade correspondente.

.- Memoria descritiva da actividade á que pretenda destinar a instalación solicitada detallando: · calendario no que pretende desenvolverse a actividade: número de meses, número de días, número de horas, etc, número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos (este número non poderá superar en caso algún o aforo da instalación), identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións para o seu uso por outros beneficiarios.

.- Seguro de responsabilidade civil por unha contía mínima de 300.000 euros. As solicitudes efectuadas fora de dicho prazo serán atendidas en función da dispoñibilidade das instalacións e por orden de rexistro de entrada.

2. A autorización de uso das instalacións terá carácter discrecional atendendo á dispoñibilidade das mesmas. A orde de prioridade de uso entre os distintos solicitantes, será o fixado polo persoal técnico do Servizo Municipal de Deportes e polo Concelleiro de dita área atendendo principalmente ó número de socios e á antigüidade do club ou asociación e á súa traxectoria. No caso de denegar dita autorización, comunicárase ó solicitante mediante resolución motivada.

3. O incumprimento das condicións da autorización ou das normas previstas na presente Ordenanza poderá dar lugar a súa revogación e, no seu caso, á modificación da orde de prioridade de uso das instalacións entre clubs ou entidades para futuras autorizacións.

C) Utilización puntual das instalacións para fins extradeportivos

Mediante autorización, as instalacións deportivas municipais poderán acoller actos Concello de Xinzo de Limia deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades culturais ou sociais. Dita autorización terá carácter discrecional en atención ó interese social da actividade así como á tarifa de prezos para o caso de que se trate dunha actividade con ánimo de lucro a fin de darlle preferencia a aquelas que se consideren especialmente vantaxosas para a poboación, todo elo sen prexuízo da necesaria dispoñibilidade e de que o seu exercicio resulte tecnicamente posible. Dita autorización outorgárase a solicitude do interesado e previos informes técnicos favorables por parte dos departamentos de urbanismo e deportes así como da correspondente concellería e con suxeición á norma específica na materia á que se refira a actividade a celebrar.

C 1.- Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario que non impliquen actividade económica para o solicitante:

1. Excepcionalmente poderán autorizarse o uso das instalacións ou espazos deportivos para actividades non deportivas, previa solicitude á que se achegará a documentación relativa á personalidade da mesma; memoria descritiva da actividade á que pretenda destinarse a instalación solicitada detallando: calendario no que pretende desenrolarse a actividade, número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos (non podéndose superar en caso algún o aforo da instalación); identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións para o seu uso por outros beneficiarios; acreditar estar en posesión de póliza vixente de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos nas instalacións municipais ou responsabilidades que poidan derivarse da celebración do acto pola contía a determinar no correspondente informe técnico .

2. De igual forma a entidade usuaria encargarse de realizar todas aquelas labores de montaxe dos elementos materiais necesarios para o desenrolo da actividade.

3. O acceso de espectadores e acompañantes estará determinado polas características da actividade e da instalación, sendo a entidade organizadora responsable do comportamento dos mesmos e dos eventuais danos que o seu comportamento puidera causar.

C 2.- Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario que implique actividade económica para o solicitante:

No presente caso, será de aplicación o establecido no punto C1, debendo a maiores aportar os solicitantes : - Memoria económica do servizo a prestar, incluíndo as tarifas a repercutir ós usuarios, custos do servizo, outros ingresos ou subvencións, etc. ; Documentación acreditativa da personalidade do empresario e a súa capacidade de contratar segundo o establecido na lexislación de contratos das Administracións públicas, abono da taxa ou depósito previo nos termos establecidos no artigo 5 da presente ordenanza relativo á obriga de contribuir.

Capítulo Quinto: Tarifas do Complexo Deportivo “A Moreira”, campo de herba artificial “José Antonio Fernández Carrera” e campo de fútbol 7 “José Antonio Fernández Carrera”:

Art. 13.- Cotas e Tarifas

A)Utilización campo de herba natural “A Moreira”:

1. Con iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 62,19 €.

2.Sen iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 51,86 €.

B)Utilización campo de herba artificial “Jose Antonio Fernández Carrera”:

1. Con iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 41,52 €.

2. Sen iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 31,09 €.

C)Utilización campo de fútbol 7 “Jose Antonio Fernández Carrera”:

1. Con iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 31,09 €.

2. Sen iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 20,76 €.

Normas De Xestión

Art. 14.-Normas De Xestión

Será de aplicación íntegra o establecido no artigo 12 da presente ordenanza relativo ás normas de xestión do pavillón municipal.

Título Sexto: Normas de xestión Devolucións

Art. 15.-

1. Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo o servizo non se preste ou realice, procederá a devolución do importe correspondente.

2. Non haberá lugar a devolución de ningún importe cando o servizo non se use ou desfrute por causa imputable ó propio usuario, bastando para iso coa obriga municipal de pór ó dispor do usuario a instalación e os medios necesarios para desfrutar da actividade de que se trate.

Título Sétimo: Infraccións e sancións Infraccións e Sancións Tributarias

Art. 16.- *En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias estarase ó disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e nas disposicións complementarias e demais normativa concordante que, ditada na súa aplicación e desenvolvemento, poida resultar de aplicación.*

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal na reunión de 5 de novembro de 2019, substitúe e derroga á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.